



XORNADA DE PRL DE XESTIÓN DAS AGRESIÓNS E ACOSO NAS REDES SOCIAIS. PROPOSTAS PRÁCTICAS E ACCIÓNS LEGAIS.

MODALIDADE: PRESENCIAL

NÚMERO DE HORAS: 4

LUGARES DE IMPARTICIÓ: A Coruña e Santiago de Compostela

EDICIÓNS: 2

INSCRICIÓNS:

DATOS REQUERIDOS: Nome e apelidos, n.º DNI, teléfono de contacto e nome do sector no cal traballa.

DESTINATARIAS/OS E NÚMERO: Persoas traballadoras, de calquera sector produtivo de Galicia, polos que, pola súa dedicación ou actividade laboral, poidan sufrir accións de violencia ou acoso laboral derivado do uso das novas tecnoloxías da información ou das redes sociais.

DESCRICIÓ:

Vivimos nunha Sociedade Dixital, no que se fai moi difícil diferenciar entre tempo de traballo e tempo de lecer. As nosas comunicacións non son só cara a cara, senón que cada día máis o son tamén en contornas dixitais.

Coñecer ou contactar con xente, relacionarse co resto de profesionais, compañeiros de traballo, xefes ou supervisores, así como os usuarios ou destinatarios da nosa actividade laboral, son actividades que facemos a diario. Así, mediante estes instrumentos ou canles tecnolóxicos podemos achegar comunicacións, establecer coordinacións ou desenvolver tarefas laborais de forma moi rápida e áxil. Sen ningún lugar a dúbidas comportan importantes beneficios e vantaxes no noso desempeño profesional.

Agora ben, o emprego destas tecnoloxías tamén traen consigo a aparición de riscos, tales como o incremento de novas fórmulas de violencia e acoso laboral baseada no uso das TIC's (tecnoloxías da información e comunicación) e as redes sociais, motivo polo que parece imprescindible capacitar aos traballadores e traballadoras para que dispoñan dunhas pautas ou protocolos de marcado carácter práctico que lle permitan prever, detectar, actuar e xestionar estes graves riscos laborais de carácter psicosocial.

BLOQUE DE CONTIDOS.

I. Pautas para a identificación e o procedemento de actuación ante o acoso laboral entre compañeiros de traballo froito do emprego das tecnoloxías da información e as redes sociais.

II. As Actuacións ante o acoso laboral por parte dun superior xerárquico froito do emprego das TIC's.

III. Actuación ante o acoso laboral por parte dos usuarios, clientes e/ou destinatarios dunha actividade laboral como consecuencia do uso das novas tecnoloxías da información e as redes sociais.

IV. Xestión dunha forma inicial e eficaz dos conflitos derivados das ameazas ou agresións xurdidas nas entornas dixitais.

AVALIACIÓN E CERTIFICACIÓN:

Os asistentes que, cumprindo co requisito de asistencia a esta actividade segundo a orde que regula esta convocatoria, recibirán un diploma acreditativo da súa asistencia.

co financiamento de

